

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA AMENCER

CURSO: 1º e 2º de educación primaria

MATERIA: Educación Física

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	<ul style="list-style-type: none">- Participa activamente nas actividades propostas.- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	<ul style="list-style-type: none">- Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	<ul style="list-style-type: none">- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.- Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	<ul style="list-style-type: none">- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.- Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
<ul style="list-style-type: none">- Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	<ul style="list-style-type: none">- Realiza actividades no medio natural.- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Observación directa. Visionado das fotos e vídeos que envía o alumnado.
	Instrumentos: Rexistro en ficha individual del alumno/a.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Faremos unha media entre a primeira avaliación e segunda avaliación. A terceira avaliación será para reforzar aprendizaxes e subir cualificación.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Cada semana publicaremos actividades na páxina web do colexio: retos, actividades de coordinación, xogos de equilibrio... Actividades individuais que nos permiten manter a actividade física orientadas ademais a consecución dos obxectivos da área e da etapa.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Fundamentalmente utilizaremos unha metodoloxía de reprodución de modelos, xa que o alumnado debe copiar a tarefa que se lle indica no vídeo; e resolución de problemas naquelas actividades nas que son eles/elas os que deben propoñer algún movemento ou resolver algún reto libremente.
Materiais e recursos	Todas as actividades poderán realizarse con materiais nos específico da educación física que todas as familias teñen nas súas casas: trapos, papeis, vasos de plástico, cartóns, botellas de plástico, etc. Necesitarán algún dispositivo móbil e conexión a internet.

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Para comunicarnos co noso alumnado utilizaremos o Whatsapp e o correo electrónico.
Publicidade	Todo será publicado na páxina do colexio: http://www.edu.xunta.gal/centros/craamencer/